



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARES

Anuncio e convocatoria. Bases IV edición do Premio de novela curta “Alén” do Concello de Ares

IV Edición do Premio de Novela Curta “Alén”

BASES DA CONVOCATORIA

1. As bases reguladoras deste premio foron aprobadas por Decreto de Alcaldía do Concello de Ares de data 29/09/2025.
2. Poderán concorrer ao certame de novela curta todas as persoas, maiores de idade, de calquera nacionalidade e/o residencia. Os/as participantes atoparanse ao corrente dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social, e non estarán incurso en ningunha das exclusións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións. A concesión efectuarase mediante un réxime de concorrencia competitiva.
3. Cada participante poderá presentar un único traballo en lingua galega (empregando a normativa ortográfica e morfolóxica aprobada pola RAG en 2003), orixinal e inédito, e nel aparecerá recollida a emigración galega preferentemente de alén mar, aínda que poderá referirse a da calquera lugar do mundo. Non é necesario que a novela teña como eixo a emigración, pero si que deberá formar parte da trama ou da vida dalgún dos seus personaxes.
4. A obra, cunha extensión a mínima de 80.000 e máxima de 140.000 caracteres con espazos, presentarase por triplicado en exemplares separados, mecanografados por unha soa cara (tipo de letra Estafes New Roman, tamaño 12), debidamente grampados ou encadernados co título e pseudónimo, sen firma ou calquera outro elemento que poida ser identificador do/a autor/a. Deberá, ademais, necesariamente incorporar un CD ou pen-drive co arquivo dixital do texto en formato OpenOffice, Word, ou similar.
5. A plica, en sobre a parte co título e o pseudónimo no exterior, deberá conter no seu interior os datos do autor/a e fotocopia do documento de identificación (DNI/ Pasaporte), teléfono e correo electrónico, así como a declaración xurada de aceptación das bases do certame e de que a obra presentada é orixinal do/a autor/a e inédito.
6. O prazo de admisión dos orixinais comezará o día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP da Coruña e finalizará o 9 de maio de 2026—incluído—.
7. Os traballos, citando “IV Premio Novela Curta Alén” Concello de Ares, remitiranse a: Concello de Ares, Rexistro Xeral. Á/a da área de Cultura, Av. Saavedra Meneses, 12, 15624 Ares, A Coruña, España.
8. Para a concesión do premio valorarase a calidade da escritura, a técnica literaria empregada e a orixinalidade, entre outros aspectos.
9. Establecese un Primeiro e único premio de 2.000,00 €, e publicación da obra, que será realizada por Hércules de Edicións. O importe do premio estará suxeito ás retencións establecidas pola lexislación vixente.
10. O/a autor/a terá que recoller persoalmente o premio na data, lugar e hora que sinala a organización do certame. A non asistencia, ou delegación sen que estea debidamente xustificada por causa maior, suporá a renuncia aeste.
11. O xurado terá todas as facultades para a decisión do premio, que poderá quedar deserto. Estará composto por persoas de recoñecido prestixio e emitirá publicamente o seu veredicto no mes de xuño de 2026. A decisión do xurado propoñerase á Xunta de goberno municipal de Ares, órgano que tomará acordo e cuxa resolución porá fin á vía administrativa. A presentación a este concurso non xenera dereito ningún ata a decisión do xurado e a aprobación pola Xunta de goberno municipal.
12. O acto de entrega e a presentación do libro terán lugar na segunda quincena do mes de agosto de 2026, no marco da festa Ares Indiano e será obrigatoria a asistencia do autor/a da obra premiada.
13. Os traballos non premiados serán destruídos trinta días despois do veredicto, polo que o seu reclamación farase persoalmente no rexistro electrónico ou presencial do Concello de Ares durante ese prazo. Non se manterá a comunicación cos participantes, salvo co autor/a de a obra premiada.
14. Non se poderán presentar ao certame as persoas gañadoras do premio dos últimos 7 anos.
15. O feito de concorrer ao certame implica a aceptación das devanditas bases.

En Ares, a 29 de setembro do 2025.

O Alcalde-Presidente

Julio Ignacio Iglesias Redondo